

Solicitud de acreditación da competencia dixital

Acreditación do alumnado de bacharelato

O alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha **proba específica** co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de **dominio 4** do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.

O alumnado de 2º de bacharelato que desexe realizar a proba específica **solicitará** a súa inscrición empregando o modelo establecido no **anexo IV** (dispoñible na Secretaría do centro) e seguindo o procedemento establecido.

- ✓ Prazo de solicitude:

A data límite para presentar a solicitude é o **18 de febreiro de 2025**.

[Máis información](#) e [demo da proba](#) a realizar:

<https://competenciasdixitais.xunta.gal/gl/marco-galego/estrutura>

<https://certificacion->

competenciasdixitais.xunta.gal/gl/demo/examen/2043/pregunta/1/popup

Acreditación do alumnado de educación secundaria obrigatoria

O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá o certificado que acredita o nivel de iniciación.

Acreditación de persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria nos cursos 2021/22 ou 2022/23 e non realizaron a solicitude na anterior convocatoria

As persoas que obtiveron o título de educación secundaria obrigatoria nos cursos 2021/2022 ou 2022/2023 e que participaron no programa E-Dixgal durante un mínimo de tres cursos académicos, poden solicitar a acreditación da súa competencia dixital no centro.

- ✓ Requisitos:

Ter participado no programa E-Dixgal un mínimo de tres anos, correspondendo cada un a un curso distinto da ESO/PDC (1º, 2º, 3º ou 4º).

- ✓ Prazo de solicitude:

A data límite para presentar a solicitude é o **28 de febreiro de 2025**.

- ✓ Documentación necesaria:

A solicitude debe seguir o modelo do **anexo V** que debe ser cuberto e entregado na secretaría do centro. A solicitude irá acompañada dun documento que acredite a participación no programa E-Dixgal, segundo os modelos establecidos no **anexo VI** (centros públicos).

Máis información:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/45764>